



# IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

## PROGRAMACIÓN D I D Á C T I C A

DA MATERIA DE:

### Economía

DEPARTAMENTO	NIVEL	CURSO
Economía	ESO	4º

Curso 2019 - 2020

# Índice:

1. Secuenciación e temporalización .....	3
2. Concreción dos estándares de aprendizaxe: criterios de avaliación, grao mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	6
3. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado .....	12
4. Información ao alumnado e ás familias .....	15

# 1. Secuenciación e temporalización

Os seis bloques de contidos do currículo, divídense en 10 unidades didácticas, para o que se tivo en conta a complexidade crecente da materia.

PRIMEIRA AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos:	EAA	Unidade didáctica	Referencia ao libro de texto	Sesións
a, d, f	<b>Bloque 1. Ideas económicas básicas</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.</li> <li>B1.2. Principios na toma de decisións económicas.</li> <li>B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.</li> </ul>	ECB1.1.1. ECB1.1.2.	<b>1. A Economía como ciencia</b> A Economía como ciencia: actividade económica. A escaseza, a elección e a asignación de recursos. Principios na toma de decisións económicas. O custo de oportunidade Economía positiva e economía normativa.	Temas 1 e 2	9
f, h, o	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. O método na economía: modelos económicos.</li> <li>B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.</li> </ul>	ECB1.2.1. ECB1.2.2. ECB1.2.3.	Como se estuda en economía? Un achegamento aos modelos económicos. A FPP e o crecemento económico		
a, f, e	<b>Bloque 2. Economía e empresa</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.</li> <li>B2.6. Sectores da actividade económica.</li> </ul>	ECB2.2.1. ECB2.2.2.	<b>2. Empresa, produción e crecemento</b> Os factores produtivos: recursos naturais, traballo e capital. Produtividade, eficiencia e tecnoloxía Os sectores económicos e a terciarización da economía	Tema 2	9
e, f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.</li> <li>B2.9. Resultados da empresa.</li> </ul>	ECB2.4.2.	<b>3. Mercados e empresa</b> O proceso produtivo. Os custes de produción.		
a, f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.</li> </ul>	ECB1.3.1. ECB1.3.2.	Análise dos ingresos, custes e beneficios. O punto morto. Os axentes económicos e as súas funcións na economía. O fluxo circular da renda.	Tema 3	9
a, b, e, m	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. A empresa e o/a empresario/a.</li> <li>B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.</li> <li>B2.3. Clases de empresas.</li> <li>B2.4. Formas xurídicas da empresa.</li> </ul>	ECB2.1.1. ECB2.1.2. ECB2.1.3.	<b>4. A empresa e o seu contexto</b> Empresa e empresario. Tipos de empresas. Obxectivos empresariais. A responsabilidade social corporativa.		
e,	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.</li> </ul>	ECB2.3.1.	Principais formas xurídicas das empresas Fontes de financiamento empresarial.	Tema 4	9
a, e, f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Obrigas fiscais das empresas.</li> </ul>	ECB2.5.1. ECB2.5.2.	Obrigas fiscais das empresas		

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO**

SEGUNDA AVALIACIÓN							
Obxectivos	Contidos:	EAA	Unidade didáctica	Referencia ao libro de texto	Sesións		
d, e, f	<b>Bloque 3. Economía persoal</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.</li> <li>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.</li> </ul>	ECB3.1.1. ECB3.1.2. ECB3.1.3	<b>5. Planificación financeira persoal</b> Como se elabora un orzamento? Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. O control dos gastos. A planificación das necesidades financeiras ao longo da vida: o aforro e o endebedamento. Plans de pensións e outras formas de aforro a longo prazo. Investimentos e endebedamento? Liquidez, rendibilidade, risco e diversificación Tipos de investimento. As débedas e os seus custes.	Temas 5 e 6	18		
a, d, m						<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida.</li> </ul>	ECB3.2.1.
a, f						<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.</li> <li>▪ B3.5. Risco e diversificación.</li> </ul>	ECB3.3.1. ECB3.3.2.
a, b, e, f, g	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. O diñeiro.</li> <li>▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.</li> <li>▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</li> <li>▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</li> </ul>	ECB3.4.1. ECB3.4.2. ECB3.4.3. ECB3.4.4.	<b>6. O diñeiro e as súas formas</b> Concepto e evolución do diñeiro. As contas bancarias. Tarxetas de débito e crédito e outros medios de pagamento. Negociación coas entidades de crédito. Os contratos de seguros: tipos e finalidade.	Temas 6 e 7	12		
e, f, g						<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.</li> </ul>	ECB3.5.1.
a, c, e, f	<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Tipos de xuro.</li> <li>▪ B5.2. Inflación.</li> <li>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.</li> <li>▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.</li> </ul>	ECB5.1.1. ECB5.1.2. ECB5.1.3.	<b>7. Inflación e tipos de xuro</b> Inflación: concepto, causas e efectos. Medición da inflación: IPC e outros indicadores. O prezo do diñeiro. A eurozona e a política monetaria.	Tema 8	9		

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO**

TERCEIRA AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos:	EAA	Unidade didáctica	Referencia ao libro de texto	Sesións
a, c, e, f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.</li> <li>B5.6. Perspectivas da ocupación.</li> </ul>	ECB5.2.1. ECB5.2.2. ECB5.2.3.	<b>8. Mercado de traballo e paro</b> Clasificación da poboación segundo a súa participación no mercado de traballo. Desemprego: clasificación e consecuencias. A medición do desemprego. Desemprego: causas. Políticas de emprego Xacementos de emprego.	Tema 9	6
a, b, e, f, g, ñ	<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.</li> </ul>	ECB4.1.1. ECB4.1.2. ECB4.1.3. ECB4.1.4.	<b>9. Os orzamentos do estado e a política fiscal</b> Concepto de orzamento público. Orzamentos xerais do estado: concepto e fases. Ciclos económicos e política fiscal. Débeda pública e déficit público. O papel do estado na redistribución da renda.	Tema 10	12
a, e, f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. A débeda pública e o déficit público.</li> </ul>	ECB4.2.1.			
a, c, d, e, f	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.</li> </ul>	ECB4.3.1. ECB4.3.2.			
a, e, f, m	<b>Bloque 6. Economía internacional</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Globalización económica.</li> <li>B6.2. Comercio internacional.</li> <li>B6.3. Integración económica e monetaria europea.</li> <li>B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.</li> </ul>	ECB6.1.1. ECB6.1.2. ECB6.1.3. ECB6.1.4. ECB6.1.5.	<b>10. Comercio internacional e globalización</b> Comercio internacional. Teorías. Globalización económica. Proteccionismo e libre comercio: medidas proteccionistas. Organismos internacionais e formas de integración económica. A Unión Europea. Funcionamento. Etapas de construción. Vantaxes e inconvenientes. Desigualdades e subdesenvolvemento Desenvolvemento sostible.	Temas 11 e 12	12

O resto de sesións serán empregadas na realización de probas, actividades extraescolares ou imprevistos.

## 2. Concreción dos estándares de aprendizaxe: criterios de avaliación, grao mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

### **Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia**

Para superar a materia hai que demostrar, en principio, un **grao mínimo do 50% de consecución** en cada estándar.

Considérase que todos os estándares teñen o **mesmo peso ou ponderación**.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Os procedementos e instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe serán os seguintes:

PROCEDEMENTOS:	INSTRUMENTOS:
<p><b>PROBAS ESCRITAS (PE)</b> Faranse un mínimo de dúas probas por avaliación. Serven para avaliar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Os conceptos, procedementos ou actitudes que deben ser reforzados.</li> <li>A organización do propio proceso de ensinanza aprendizaxe.</li> </ul> <p>Tamén serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades.</p>	<p><b>Obxectivas</b>, con preguntas moi concretas. <b>Abertas</b>, con preguntas ou temas nas que o alumno debe construír as respostas. <b>Resolución de problemas.</b></p>
<p><b>ANÁLISE DE PRODUCIÓNS DOS ALUMNOS (AP)</b> <b>Resumos, esquemas e mapas conceptuais.</b> <b>Producións orais.</b> <b>Traballos de investigación.</b> <b>Exercicios e actividades: test, cuestións teóricas, resolución de problemas</b> <b>Análise de noticias de actualidade</b> <b>Análise de gráficos e mapas,...</b> Poden ser orais ou escritas, en papel ou mediante a Aula Virtual. Poden ser investigacións ou traballos de aplicación. Poden ser realizados en clase (preferentemente) ou na casa. Poden ser individuais ou en grupo.</p>	<p>Pódese utilizar: listas de control, escalas de observación, ficha de traballo individual ou grupal, informes de tarefas,...</p> <p>Serven para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>A calidade, a exposición, a coordinación, o interese, a capacidade crítica e participación en debates e a iniciativa para realizar indagacións.</li> <li>A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos. Ademais da aplicación práctica dos mesmos.</li> <li>A corrección á hora de presentar os traballos e actividades.</li> <li>A busca e selección da información de distintas fontes.</li> <li>A capacidade de síntese e análise.</li> <li>A asistencia e seguimento das unidades didácticas e dos exercicios propostos.</li> </ul> <p>Tamén serven para ensinar ao alumnado a responder ás preguntas.</p>

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO

PROCEDEMENTOS:	INSTRUMENTOS:
<p><b>OBSERVACIÓN DIRECTA (OD)</b>                      Serve para informar sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A participación activa na clase.</li> <li>• O interese polo traballo.</li> <li>• O uso ordenado de todo o material entregado.</li> <li>• A orde e o método ao realizar as tarefas.</li> <li>• O respecto e tolerancia cos compañeiros.</li> <li>• A coordinación e comunicación nos grupos de traballo.</li> <li>• A creatividade e a expresión das propias ideas.</li> <li>• A capacidade de busca de solucións a problemas.</li> <li>• A asistencia e puntualidade.</li> </ul>	<p><b>Escalas de observación</b>                      Por categorías (Sempre, Ás veces, Nunca), numérica (de 1 a 4, de 1 a 5, ou de 1 a 10) ou descritiva (frases como "Traballa e trae o material pero non toma iniciativas" ou "Suxire ideas e traballa axeitadamente").</p> <p><b>Listas de control</b>                      Caracterízase por aceptar soamente dúas características: si ou non, lógrao ou non o logra.</p> <p><b>Rexistro anecdótico</b>                      Recollen comportamentos non previsibles que achegan información cualitativa significativa para valorar carencias ou actitudes positivas.</p> <p><b>Diarios de clase</b>                      Rexistro das tarefas diarias realizadas en clase.</p>
<p><b>INTERCAMBIOS ORAIS COS ALUMNOS (IO)</b>                      Serve para o seguimento dos avances e dificultades sobre o aprendizaxe dos contidos:</p> <p><b>Preguntas de exploración en clase</b> Serven para informar sobre o dominio dos conceptos por parte do alumnado e a súa capacidade de expresión oral.</p> <p><b>Entrevista, diálogo, posta en común,...</b>O diálogo co alumnado (individual ou en grupo) serven para o seguimento dos avances e as dificultades sobre o aprendizaxe.</p>	<p>Empregarase o diario de clase do profesor, listas de control, fichas de coavaliación,...</p> <p>Non é necesario empregar instrumentos se se trata de episodios breves.</p> <p>No caso das preguntas de exploración formuladas pola profesor, levarase unha lista de control. Ten o obxectivo de fomentar a participación na aula e a atención do alumnado.</p>

Feitas estas aclaracións, na táboa seguinte procederanse a desenvolver os estándares de aprendizaxe avaliábeis, vinculando con cada un deles cos seguintes aspectos:

- ⇒ Os criterios de avaliación e competencias clave indicados no currículo.
- ⇒ As unidades didácticas nas que se divide a materia.
- ⇒ O grao mínimo de consecución: 50%
- ⇒ Os instrumentos de avaliación a empregar (o reparto entre as producións do alumnado e as probas escritas; a observación directa e os intercambios orais empregaranse para o redondeo da cualificación).
- ⇒ O procedemento de cualificación detállase no [apartado 8](#) desta programación.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO

Criterios de avaliación	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	INSTRUMENTO		Unidades didácticas
				AP	PE	
B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	50%	30%	70%	1. A Economía como ciencia
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	50%	30%	70%	
B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB1.2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	50%	30%	70%	
B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	50%	30%	70%	2. Empresa, produción e crecemento
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	50%	30%	70%	
B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	50%	30%	70%	3. Mercados e empresa
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	50%	100%	-	
B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	50%	30%	70%	
B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	50%	30%	70%	4. A empresa e o seu contexto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	50%	30%	70%	
B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	50%	30%	70%	



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO

Criterios de avaliación	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	INSTRUMENTO		Unidades didácticas
				AP	PE	
B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	50%	30%	70%	
B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	50%	30%	70%	5. Planificación financeira persoal
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	50%	100%	-	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	50%	100%	-	
B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	50%	30%	70%	
B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	50%	30%	70%	
B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	50%	30%	70%	6. O diñeiro e as súas formas
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	50%	100%	-	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	50%	30%	70%	
B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	50%	30%	70%	

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO

Criterios de avaliación	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	INSTRUMENTO		Unidades didácticas
				AP	PE	
B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	50%	30%	70%	7. Inflación e tipos de xuro
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	50%	100%	-	
B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	50%	30%	70%	8. Mercado de traballo e desemprego
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	50%	100%	-	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	50%	100%	-	
B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	50%	30%	70%	9. Os orzamentos do estado e a política fiscal
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	50%	100%	-	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	50%	30%	70%	
B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	50%	30%	70%	
B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	50%	100%	-	

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO

Criterios de avaliación	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	INSTRUMENTO		Unidades didácticas
				AP	PE	
B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	C	100%		10. Comercio internacional e globalización
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	50%	30%	70%	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	50%	30%	70%	

### 3. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Como se indicou no [apartado 5](#), para avaliar ao alumnado, empregaranse: **probas escritas, producións do alumnado, observación directa e intercambios orais**. A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios:

Cualificación cuantitativa																			
<b>Probos escritas</b>	<p>Faranse dúas ou tres probas escritas de contidos teórico-prácticos por avaliación. Os alumnos coñecerán a valoración de cada pregunta ao realizar o exame. Os criterios de cualificación indicaranse cando se entreguen as probas corrixidas.</p> <p>As cuestións teóricas serán preguntas curtas, pero poderá haber unha pregunta de desenvolvemento na que a claridade de exposición e a capacidade de síntese será valorada.</p> <p>Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno.</p> <p>Número de probas e datas previstas: (temas do libro)</p>																		
	<p>Primeira avaliación:</p> <table border="1"> <tr> <td><i>Finais de outubro</i></td> <td>Temas 1e 2</td> </tr> <tr> <td><i>Finais de novembro</i></td> <td>Tema 3</td> </tr> <tr> <td><i>Finais de decembro</i></td> <td>Tema 4</td> </tr> </table>		<i>Finais de outubro</i>	Temas 1e 2	<i>Finais de novembro</i>	Tema 3	<i>Finais de decembro</i>	Tema 4	<p>Segunda avaliación:</p> <table border="1"> <tr> <td><i>Finais de febreiro</i></td> <td>Temas 5 e 6</td> </tr> <tr> <td><i>Finais de marzo</i></td> <td>Temas 7 e 8</td> </tr> </table>		<i>Finais de febreiro</i>	Temas 5 e 6	<i>Finais de marzo</i>	Temas 7 e 8	<p>Terceira avaliación:</p> <table border="1"> <tr> <td><i>Finais de maio</i></td> <td>Temas 9 e 10</td> </tr> <tr> <td><i>Finais de xuño</i></td> <td>Temas 11 e 12</td> </tr> </table>		<i>Finais de maio</i>	Temas 9 e 10	<i>Finais de xuño</i>
<i>Finais de outubro</i>	Temas 1e 2																		
<i>Finais de novembro</i>	Tema 3																		
<i>Finais de decembro</i>	Tema 4																		
<i>Finais de febreiro</i>	Temas 5 e 6																		
<i>Finais de marzo</i>	Temas 7 e 8																		
<i>Finais de maio</i>	Temas 9 e 10																		
<i>Finais de xuño</i>	Temas 11 e 12																		
<b>Producións do alumnado</b>	<p>Tarefas e actividades realizadas individualmente ou en grupos, para realizar na clase (normalmente) ou na casa. <b>Indicarase a data de entrega e non serán admitidas en datas posteriores, salvo casos de forza maior.</b> Valorarase o desenvolvemento das ideas expostas, a claridade e precisión, o grao de comprensión acadado ou a orixinalidade.</p>																		
<p><b>Valoración da expresión escrita.</b></p> <p>Nas probas e actividades farase referencia expresa á valoración da expresión escrita. En principio, réstase 0,25 puntos por cada erro ou inadecuación grave e 0,05 por un leve, pero se o alumno mellora a expresión escrita ao longo do curso, recuperará a súa cualificación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>└ <b>Ortografía e puntuación.</b> Os erros de acentos descontarán 0,1 punto cada un e as faltas de ortografía ou de expresión, 0,2 puntos cada unha.</li> <li>└ <b>Vocabulario</b> amplo. Usar con propiedade do vocabulario técnico específico da materia.</li> <li>└ <b>Construción sintáctica.</b> Manter unha sintaxe correcta e variada na construción das frases e usar nexos variados.</li> <li>└ <b>Caligrafía:</b> letra coidada, clara e lexible.</li> <li>└ <b>Presentación e limpeza.</b> Deixar marxes, liñas rectas, numerar as páxinas, separar os parágrafos, ...</li> </ul> <p>Empregar calquera medio coa intención de enganar a o profesor por parte dun alumno, tanto en probas escritas como actividades supón un suspenso en dita proba ou actividade.</p>																			
<p><b>Seguimento diario en clase (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa)</b></p> <p>Para <b>propiciar a asistencia, a atención na clase e a participación</b> do alumnado, <b>levarase un rexistro diario de seguimento no que se anotarán:</b></p> <p><b>Positivos</b> (+0,1 normalmente pero pode ser máis):</p>																			

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE ECONOMÍA – 4ºESO

1. Responder correctamente ás **preguntas de exploración orais** formuladas polo profesor na clase. Durante a exposición dos contidos da unidade, o profesor realizará **preguntas de exploración** relacionadas co tema e adaptadas ao nivel da clase. Pedirá voluntarios. Selecciónase ao alumno que debe responder. Se o fai correctamente consegue un **positivo**, no caso contrario pregúntase a outro.
2. Achega **construtiva** ao desenvolvemento da clase: preguntas, comentarios, anécdotas,... pertinentes ao tema que se estea a tratar.
3. Comentar **noticias de actualidade** ao comezo da clase que garden relación cos contidos que se estean a estudar. Ao ter que buscar e filtrar as noticias o alumnado mostra as súas inquedanzas, intereses, ...

A explicación das normas entrégase e explícase o primeiro día de clase.

### CUALIFICACIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE AVALIACIÓN

Cada estándar de aprendizaxe cualifícase segundo o reparto establecido no [apartado 5](#) desta programación, entre as **probos escritas e as producións do alumnado**.

Se en algún caso non se puideran realizar as actividades nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar (en todo ou en parte) a valoración das probas escritas. É dicir, podería ser dunha ponderación do 100%, 90%,... para as probas escritas. O alumnado sería informado con antelación.

### CUALIFICACIÓN DUNHA AVALIACIÓN

Para aprobar **UNHA AVALIACIÓN** é imprescindible obter un mínimo de **5 puntos**, considerando os seguintes aspectos:

Calcúlase a media dos estándares correspondentes a cada avaliación. Todos teñen o mesmo peso ou ponderación, polo que, tendo en conta a súa distribución por avaliacións, cada un ten a seguinte valoración:

Avaliación	Primeira	Segunda	Terceira	Final
Nº estándares	16	14	15	<b>45</b>
Ponderación	6,2%	7,14%	6,7%	<b>2,22%</b>

Así obtense unha cualificación previa. Aínda cando o grao mínimo de consecución de cada estándar sexa do 50%, **admitírase unha consecución do 30%** nalgún estándar **se a media é de 5 ou superior**.

Como **cualificación por avaliación** é numérica sen decimais, é necesario realizar un **redondeo**. Este realízase segundo a actitude activa ou pasiva na clase, a participación, a regularidade ao longo do trimestre, a colaboración co grupo, a participación nas actividades complementarias que se organicen,... segundo o rexistro diario de seguimento.

### CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

A **CUALIFICACIÓN FINAL** do curso obtérase aplicando os mesmos criterios que nunha avaliación, pero tendo en conta todos os estándares da materia. O redondeo farase segundo os criterios descritos con anterioridade ao longo de todo o curso.

### RECUPERACIÓN E REFORZO

Para aqueles alumnos que requiran algún reforzo, facilitaráselles **actividades de recuperación e reforzo** que poderán consistir en:

- Realizar traballos, cuestionarios, prácticas, exposicións, informes,... sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.
- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realizar unha proba específica de dominio sobre os contidos de cada avaliación e/ou unha proba final en xuño.

**Só será necesario realizar a recuperación dos estándares no que non se acade o grao mínimo de consecución** establecido no [apartado 5](#). **Non será necesario realizar a recuperación se en algún estándar a consecución é do 30% ou superior e a media ponderada é de 5 ou superior.**

### RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA

As faltas de asistencia xustificadas darán lugar ao dereito de repetir actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega.

Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria realizarán unha **proba única extraordinaria** de recuperación no mes de **setembro**.

Así mesmo, o día de celebración da proba extraordinaria poderase esixir a presentación dos traballos que se asignen a cada alumno suspenso no mes de xuño. A valoración destes traballos será coñecida polo alumnado en xuño.

### PROMOCIÓN

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliáveis non complementarios e na madureza do alumno.

## 4. Información ao alumnado e ás familias

Esta programación será obxecto de información ás familias e ao alumnado, polas seguintes vías:

- Explicación nos primeiros días de clase, na presentación da materia.
- Publicación no taboleiro da aula.
- Publicación na páxina web do centro, no apartado correspondente ao Departamento de Economía.

A información publicada será un resumo, constando os seguintes apartados:

Apartados do resumo:	Apartados desta programación:
Que imos estudar?	Contidos, no <a href="#">apartado 4</a>
Que ides aprender?	Criterios de avaliación, no <a href="#">apartado 5</a>
Que tedes que saber e como o ides demostrar?	Estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación, no <a href="#">apartado 5</a>
Cal é o mínimo esixible?	Grao mínimo de consecución, no <a href="#">apartado 5</a>
Como se vai avaliar e cualificar?	Procedemento de avaliación e criterios de cualificación, no <a href="#">apartado 8</a>
E se tedes que recuperar?	Procedementos de recuperación, no <a href="#">apartado 8</a>

O profesor

Abel Alonso Álvarez